

A experiencia do estudante alemán

Washington Irving

Tradución de José Álvarez Vázquez



Irving, Washington

A experiencia do estudante alemán

Versión galega de José Álvarez Vázquez

Era unha noite tormentosa, durante os tempos turbulentos da Revolución Francesa. Un estudante alemán volvía ó seu aposento a altas horas da madrugada, cruzando a zona vella de París. Os lóstregos refulxían e os tronos estrepitosos facían estremece-las rúas estreitas e elevadas. Pero antes de continuar, permítanme que lles conte algo sobre este mozo alemán.

Gottfried Wolfgang era un rapaz de boa familia. Estudiara durante algún tempo en Göttingen, pero como posuía un carácter visionario e fervoroso, acabou internándose nesas atroces e utópicas doutrinas que tantas veces teñen atraído ós estudantes alemáns. A súa vida en soidade, o súa enorme perseveranza e a singular natureza dos seus estudos, provocaron nel un efecto tanto físico coma psicolóxico. A súa saúde empeorou e a súa imaxinación decaeu. Deu renda solta a quiméricas especulacións sobre esencias espirituais ata que, como fixera Swedenborg, converteu todo o que o rodeaba nun mundo ideal propio. Non sei por qué razón, obstinou-se na idea de que unha influencia maligna pendía sobre el; algún xenio ou espírito malvado que tentaba atrapalo e asegura-la súa perdición. Esta idea íase fraguando no seu temperamento melancólico, e acabou por producirlle uns efectos moi negativos. Converteuse nun trasnoitador depresivo. Os seus amigos descubriron a enfermidade mental que o estaba atormentando e decidiron que o mellor tratamento posible sería un cambio de ambiente. Así que acordaron mandalo a remata-los seus estudos entre o esplendor e o alborozo de París.

Wolfgang chegou a París durante o estalido da Revolución. Nun principio, a súa mente fervorosa sentiuse atraída polo delirio popular e quedou engaiolado polas teorías políticas e filosóficas daqueles tempos. Sen embargo, as escenas de sangue que se produciron máis tarde provocaron que a súa natureza sensible se estremecese; fixéronlle sentir noxo pola sociedade e o mundo e convertérono nun retraído aínda maior. Encerrouse nunha estancia do *Pays Latin*, o barrio de estudantes. Alí, nunha rúa lóbrega, non moi lonxe dos muros monásticos da Sorbona, proseguíu coas súas especulacións preferidas. Ás veces pasaba horas e horas nas grandes bibliotecas parisienses; esas catacumbas cheas de escritores mortos, remexendo nos seus tesouros de obras obsoletas cubertas de po, na procura de alimentos que calmasen o seu apetito tan malsán. Era, dalgún xeito, un demo literario, que se alimentaba nun osario de literatura putrefacta.

A pesar de ser un solitario e un retraído, Wolfgang posuía un temperamento apaixonado, pero que, durante un tempo, a penas interveu na súa imaxinación. Era tímido de máis e non tiña unha idea suficientemente clara do mundo real coma para facer ningún tipo de avance proveitoso, pero era un gran admirador da beleza feminina. Na súa solitaria habitación abstrábase nas formas e rostros que vira algunha vez, aderezando os seus pensamentos con fermosas imaxes que ían moito máis aló da pura realidade.

Mentres a súa mente estaba sumida neste estado de emoción e sublimación, tivo un soño que lle provocou un efecto asombroso e que consistía nun rostro feminino de extraordinaria beleza. Foi tal a impresión que lle causou esta imaxe, que volveu soñar con ela unha e outra vez. Percorría os seus pensamentos durante o día e os seus soños durante a noite, ata que, finalmente, acabou namorándose apaixonadamente daquela figura imaxinaria. Aquelo durou tanto tempo que se converteu nunha desas obsesións que roldan pola mente dos homes melancólicos e que ás veces se confunden coa loucura.

Así era Gottfried Wolfgang e así se atopaba naqueles tempos. Volvía para casa nunha madrugada tormentosa, atravesando algunhas das rúas antigas e escuras de *Marais*, a zona vella de París. Os tronos estrepitosos fixeron treme-las casas elevadas das rúas estreitas. Chegou ata a Place de Grève, a praza onde tiñan lugar as execucións públicas. Un lóstrego refulxiu arredor dos pináculos do antigo Hôtel de Ville, e emitiu luminosos destelos sobre o espacio aberto que tiña diante. Mentres Wolfgang cruzaba a praza, recuou arrepiado ó se atopar preto da guillotina. O reino do terror estaba no seu momento máis crítico, no que aquela espantosa máquina mortal estaba sempre lista para que polo seu patíbulo correse o sangue continuamente, tanto de valentes coma de honrados. Ese mesmo día empregárase enerxicamente para outra carnicería, e alí seguía, coa súa macabra presenza, no centro dunha cidade silenciosa e adormecida, agardando por novas vítimas.

O corazón de Wolfgang fixolle sentir noxo no seu interior. Xa lle estaba dando as costas, totalmente arrepiado, a aquel horrible instrumento, cando enxergou unha forma indefinida que estaba encollida ó pé dos chanzos que conducían ó patíbulo. Unha serie de súbitos destelos de lóstrego permitíronlle contemplala máis claramente. Tratábase dunha figura feminina vestida de negro. Estaba sentada de lado nun dos chanzos inferiores, inclinada e co rostro oculto no seu regazo. Tiña uns longos cabelos despeiteados que lle colgaban ata o chan e que lle chorreaban por mor da chuvia, que caía ás cuncas. Wolfgang agardou un instante. Había algo desagradable naquel solitario monumento á dor. Aquela muller parecía ter algo fóra do común. El sabía que era unha época de altibaixos e que moitas persoas que nun tempo foran ben acollidas, agora vagaban sen rumbo e sen fogar. Podería tratarse dunha pobre carpideira a quen a horrible machada deixara soa no mundo e que estaba alí sentada, desconsolada pola súa existencia, da que todo o que ela amaba fora expulsado cara á eternidade.

Achegouse e dirixiuse a ela dun xeito pacífico. Ela ergueu a cabeza e fitouno cos ollos desorbitados. A sorpresa do estudante foi enorme cando puido contemplar, gracias ós destelos dos lóstregos, o mesmo rostro que estivera roldando os seus soños. Semellaba pálido e angustiado, pero era dunha fermosura engaiolante. Wolfgang volveuse dirixir a ela, estremecido por emocións violentas e confusas. Preguntoulle qué facía na rúa a unha hora tan tardía, exposta á furia daquela tormenta, e ofreceuse a acompañala ata a casa dalgún amigo seu. Ela sinalou a guillotina cun xesto de significado arrepiante.

—Xa non teño amigos neste mundo —dixo ela.

—Pero fogar si terás —dixo Wolfgang.

—Si; ¡na tumba!

O estudante sentiu como se lle encollía o corazón ó escoitar aquelas palabras.

—Se vostede permitise que un descoñecido lle fixese unha oferta — dixo el— e non me mal interprete, eu ofreceríalle a miña humilde morada como refuxio e a min mesmo como un fiel amigo. Eu tampouco teño ningunha amizade en París, pois sonlle estranxeiro. Pero se a miña vida pode serlle útil, póñoa á súa disposición; e estou disposto a sacrificala antes de que vostede sufra vergonza ou dano ningún.

Notábase unha grande honestidade nas palabras do estudante. Tamén tiña ó seu favor o acento estranxeiro, que demostraba que non levaba moito tempo vivindo en París. Ademais, no verdadeiro entusiasmo existe unha convicción da que sería imposible dudar. Aquela pobre desamparada confiouse incondicionalmente á protección do estudante.

El sostivo os seus fráxiles pasos mentres cruzaban a Pont Neuf; e tamén ó pasar polo lugar onde estivera situada a estatua de Henrique IV, antes de que a plebe a derrubase. A tormenta calmara un pouco, e os tronos soaban lonxe. A cidade enteira estaba en

silencio. Aquel volcán de paixón humana descansaba un anaco co fin de gardar forzas para a erupción do vindeiro día. O estudante levou á súa protexida polas rúas vellas do *Pays Latin* e polos muros escuros da Sorbona, ata chegar ó tétrico hotel no que vivía. A vella porteira que os deixou pasar quedou sorprendida ante aquela imaxe tan pouco frecuente do melancólico Wolfgang en compañía feminina.

Ó entrar na súa estancia, o estudante ruborizouse por primeira vez debidom ás carencias e a insignificancia do seu aloxamento. Só tiña un cuarto –un salón anticuado– moi derruído e cun fantástico mobiliario que tiña restos dunha antiga suntuosidade, xa que se trataba dun dos hotéis da zona do palacio de Luxemburgo, que anteriormente pertencera á nobreza. Estaba cheo de libros e de papeis, e tiña tódolos instrumentos habituais dun estudante. A súa cama estaba nun curruncho do fondo.

Despois de acende-las velas, Wolfgang tivo unha oportunidade mellor de contemplar aquela descoñecida e foi entón cando se sentiu aínda máis envelenado pola súa beleza. O seu rostro era pálido, pero dunha fermosura abraiante, acentuada pola longa melena negra que a rodeaba. Tiña os ollos grandes e brillantes, cunha estraña expresión, case de brutalidade. Polo que o seu vestido negro permitía ver, a súa figura era dunha simetría perfecta. Todo o seu aspecto resultaba realmente impresionante, a pesares de ir vestida dun xeito vulgar. O único que se podería considerar como adorno de todo o que levaba posto era unha cinta negra e ancha que levaba arredor do pescozo, abrochada con diamantes.

O estudante comezaba a sentirse algo confuso pensando cómo podería atender a aquel ser desvalido que lle suplicaba a súa protección. Pensou en deixarlle a ela o seu cuarto e buscar outro sitio onde albergarse el. Sen embargo, sentíase tan fascinado pola súa beleza, semellaba haber tal encanto nos seus pensamentos e nas súas ideas, que non foi quen de se apartar do seu lado. O comportamento daquela rapaza tamén resultaba estraño e inexplicable. Non volveu falar da guillotina. O seu pesar calmara. As atencións do estudante fixéronlle gaña-la súa confianza primeiro e despois, aparentemente, tamén o seu corazón. Sen dúbida, ela era tan apaixonada coma el, e os apaixonados adoitan conxeniar moi axiña.

Ante a emoción daquel instante, Wolfgang confesoulle a paixón que sentía por ela. Contoulle a historia daquel soño misterioso e tamén cómo ela conquistara o seu corazón a pesares de non tela visto xamais. Ela quedou impresionada polo seu relato e tamén admitiu sentir unha inexplicable atracción por el. Estaban vivindo unha época de teorías e accións rebeldes. Suprimíranse os vellos prexuízos e supersticións; todo estaba baixo o poder da "deusa Razón". Entre outras parvadas de tempos pasados, os usos e as cerimoniais relativas ó matrimonio comezaban a considerarse ataduras superfluas para as mentes honorables. Os convenios sociais estaban de moda. Wolfgang tiña moito de teórico, dos que non están corrompidos polas doutrinas liberais da época.

—¿Por qué habemos de separarnos? — dixo el—. Os nosos corazóns están unidos. Se temos en conta o criterio da razón e do honor, nó-los dous somos un único ser. ¿Qué necesidade teñen as clases viles de uni-las súas ánimas?

A descoñecida escoitouno emocionada. Resultaba evidente que ambos compartían as mesmas ideas.

—Non tes fogar nin familia — continuou el—, deixa que eu sexa todo para ti, ou mellor aínda, deixa que sexamos todo un para o outro. Se é necesario un ritual, terémolo. Velaquí te-la miña man. Encoméndome a ti para sempre.

—¿Para sempre? — dixo solemnemente a descoñecida.

—Para sempre — respondeu Wolfgang.

A descoñecida colleu a man que el lle estendía:

—Daquela son túa — murmurou. E afundiou a cabeza no peito do estudante.

Á mañá seguinte, o estudante deixou á súa noiva durmindo e saíu moi cedo disposto a buscar un aposento máis espacioso e adecuado para a súa situación actual. Ó volver, atopou a descoñecida deitada coa cabeza fóra da cama e cun brazo por riba dela. Faloulle, pero non recibiu resposta ningunha, así que foi cara a ela para espertala de tan incómoda postura. Ó collerlle a man decatouse de que estaba fría; non tiña pulso, e o seu rostro estaba pálido e descolorido. En resumo, tratábase dun cadáver.

Frenético e horrorizado, avisou ós seus veciños. Todo aquilo suscitou unha escena de confusión. Chamaron á policía.

Cando o axente entrou no cuarto, recuou en canto viu o corpo.

—¡Deus bendito! — berrou— ¿Como chegou aquí esta muller?

—¿Pero é que a coñece vostede? — preguntou Wolfgang con impaciencia.

—¿Que se a coñezo? — exclamou o axente— ¡Pero se foi guillotizada onte!

Avanzou un paso, desabotou a cinta negra que o cadáver levaba arredor do pescozo e... ¡a cabeza caeu rodando polo chan!

O estudante entrou nun estado de histeria.

—¡É o diaño! ¡Estou posuído polo diaño! — berrou— . ¡Estou perdido para sempre!

Tentaron tranquilizalo, pero foi en van. Metéraselle na cabeza a aterradora idea de que un espírito maligno reanimara aquel cadáver para tenderlle unha trampa. Virou tolo e morreu nun manicomio.

E aquí rematou o seu relato aquel vello obsesionado.

—¿E todo iso é real? — preguntou o curioso cabaleiro.

—Abofé que é real — respondeulle o outro— . Seino de boa fonte. Contoumo o estudante en persoa. Estiven con el nun manicomio parisiense.